



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 • Rúa Campo da Feira nº 1 • Teléfs.: 986 74 71 02 - 986 74 75 85 • Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@terra.es • Web: www.concellodemeano.com

ORDENANZA FISCAL DO CONCELLO DE MEAÑO (PONTEVEDRA) REGULADORA DA TAXA POLA DECLARACIÓN DE EDIFICACIÓNS EN INCURSIÓN EN SITUACIÓN DE FORA DE ORDENACIÓN.

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO LEGAL E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo 106 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei das Facendas Locais, este Concello de Meaño establece a "TAXA POLA DECLARACIÓN DE EDIFICACIÓNS EN INCURSIÓN EN SITUACIÓN DE FÓRA DE ORDENACIÓN", que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se os actos do uso do solo, en particular das obras, instalacións, construcións e edificacións realizadas con infracción da normativa urbanística a que se refire a Disposición Transitoria Terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e artigo 210.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e de Protección do Medio Rural de Galicia se axustan ás disposicións normativas vixentes aos efectos de aplicación do réxime previsto para a incursión na situación de fora de ordenación contemplado na antedita normativa, na Instrución 2/2011, do 12 de abril, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e nas Ordenanzas municipais de aplicación.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, que sendo propietarios das obras, edificacións ou instalacións á que se refire o artigo primeiro soliciten do Concello de Meaño a tramitación do expediente administrativo co obxecto de obter a resolución ou acordo de declaración de aplicación ao/s inmovible/s afectado/s incursión no réxime correspondente á situación de fora de ordenación.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei Xeral Tributaria. Serán responsables subsidiarios da débeda tributaria as persoas ou entidades sinaladas no artigo 43 da Lei Xeral Tributaria nos supostos e co alcance sinalado no mesmo.

ARTIGO 5º. COTA TRIBUTARIA-TARIFA.

A cota tributaria correspondente á tramitación do expediente administrativo calcularase por aplicación dunha porcentaxe, sobre o orzamento de execución material da construción, instalación ou obra. Coeficiente 1%.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción da presente taxa que non veña imposta por norma con rango de lei ou acordo internacional.

ARTIGO 7º. DEVENGO.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír cando se solicite a declaración en situación de fora de ordenación.

ARTIGO 8º. XESTIÓN E LIQUIDACIÓN.

Liquidarase e esixirase o importe da taxa unha vez se resolva a declaración de fora de ordenación. Non obstante, poderase esixir o importe da Taxa no momento de presenta-la solicitude de declaración de fora de ordenación.

Sen prexuízo do anteriormente sinlado, a presente taxa será de aplicación ás solicitudes pendentes de resolución a súa entrada en vigor.

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias así como das sancións que poidan corresponder en cada caso, estarse ao disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor e será de aplicación o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, permanecendo en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.



Meaño, 1 de abril de 2012

Alcalde

Asdo: Jorge Domínguez Rosal